

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2025/2026

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores do 3<sup>a</sup> curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, en canto non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica. En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecvente co carácter interconectado e ecodpendente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica. A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de profundación e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os que se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodpendencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia. En canto aos criterios de avaliación, estes fórmulanse en relación directa con cada un dos catro obxectivos da materia e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos da aprendizaxe, o cal esixe o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia distribúense en tres bloques.

No primeiro deles, denominado «Autoconhecimento e autonomía moral», trátase de invitar o alumnado a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e difereza como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación esixe, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión sobre os valores, principios e normas que orientan as nosas accións como persoas e cidadáns. Pola súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou á influencia dos medios e redes de comunicación.

No segundo dos bloques, denominado «Sociedade, xustiza e democracia», preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais ás que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Logo desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática etc.), así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos na contorna escolar e cotiá do alumnado.

Para rematar, no terceiro bloque, denominado «Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento sistémico, unha comprensión básica daquelas relacións

de interdependencia, interconexión e ecodpendencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Autocoñecemento e autonomía moral.	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	34	12	X		
2	Sociedade, xustiza e democracia.	Analise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social e memoria democrática.	33	11		X	
3	Sostibilidade e ética ambiental.	Analise do noso modo de vida e emprego de recursos ambientais para satisfacer as nosas necesidades.	33	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Autocoñecemento e autonomía moral.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Definir os conceptos clave no portafolio e reflexiona sobre a súa propia identidade persoal, tanto por escrito como en diálogo cooperativo e respectuoso cos demais.		
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Explicar oralmente o significado de conceptos como respecto, igualdade, sinceridade, liberdade, confianza e empatía. Realizar un traballo de investigación sobre o respecto e a empatía nas relacións afectivas, vertendo os resultados no seu portafolio de forma organizada.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Participar nun diálogo sobre as redes sociais, as condutas adictivas ou o acoso escolar, elaborando argumentos racionais, respectando ás demais persoas e sometendo a crítica as ideas tanto alleas como propias.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Realizar unha análise dos propios sentimentos e emocións, vertendo os resultados no portafolios de forma creativa e ben presentada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A ética e as éticas como guías das nosas accións.</li> <li>- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.</li> <li>- Universalismo e pluralismo moral.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.</li> <li>- Ética e dereito.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>- O conflito lexitimidade-legalidade.</li> <li>- A obxección de conciencia.</li> <li>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.</li> <li>- O debate sobre a liberdade de expresión.</li> <li>- A ética na sociedade actual.</li> <li>- O problema da desinformación.</li> <li>- A protección de datos e o dereito á intimidade.</li> <li>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.</li> <li>- As condutas adictivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Sociedade, xustiza e democracia.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Definir os conceptos clave da ficha e demostrar por escrito ser capaz de usalos con coherencia ao responder ás preguntas formuladas.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	En pequenos grupos, realizar unha investigación sobre o movemento asociativo na súa contorna, contactando con algunha asociación e explicando (mediante unha exposición oral para toda a clase) os seus obxectivos, actividades e funcionamento.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Realizar as actividades propostas e participar nun diálogo sobre os diferentes retos ambientais no mundo rural.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Realizar unha ficha de análise e investigación sobre a igualdade entre homes e mulleres e a diversidade de xénero e orientación sexual. Reflexionar e debatir sobre as diferentes expresións da violencia de xénero e a diversidade.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Realizar unha análise sobre o valor dos dereitos humanos a partir da visualización dun vídeo sobre a historia destes, e saber detectar cando se están a vulnerar coa axuda dun listado dos mesmos.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Demostrar ter unha actitude activa, colaborativa e pacífica na realización da investigación sobre o movemento asociativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> </ul>

## Contidos

- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.</li> <li>- O dereito internacional e a cidadanía global.</li> <li>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.</li> <li>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.</li> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Sostibilidade e ética ambiental.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir por escrito por que os recursos naturais son limitados, que é a pegada ecolóxica e que é a emerxencia climática, realizando as actividades correspondentes.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Ser capaz de resumir diferentes propostas científicas, políticas e éticas para afrontar a crise climática e ambiental e debatir acerca delas.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Debates sobre cómo realizar un proxecto para mellorar o desenvolvemento sostible no noso instituto: tratamento preventivo dos residuos, reciclaxe, mobilidade segura e saudable, consumo responsable, coidado dos espazos verdes, respecto pola diversidade etnocultural e promoción do coidado dos animais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Demostrar ter unha actitude activa e equilibrada á hora de expresar a súa opinión nos debates sobre cuestións éticas e respecta e coida dos demais á hora de aceptar distintas opinións á súa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para o desenvolvemento da materia será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino-aprendizaxe. A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e

máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Buscaranse, na medida do posible, situacións próximas ao alumnado para que estes poidan aplicar e desenvolver en diferentes contextos as distintas competencias clave. Así mesmo, crearanse situacións de aprendizaxe que representen retos para o alumnado, convidándoo cuestionarse os seus saberes actuais e promovendo a ampliación da súa perspectiva para contrastar as súas ideas coas dos seus compañeiros, xustificar, interpretar con rigor as ideas, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos e fichas de traballo
Caderno ou portafolio persoal no que desenvolver o traballo
Materiais dixitais

Nesta materia non empregaremos libro de texto. Os apuntes cos contidos básicos e as fichas de traballo serán proporcionados ao alumnado que deberá organizar e confeccionar o seu propio portafolios cos materiais que vaiamos traballando e elaborando durante o curso. Contaremos cunha serie de materiais e recursos didácticos variados, acordes ás circunstancias, características e nivel de cada grupo: textos variados, novas xornalísticas, páxinas web de interese e materiais audiovisuais como curtametraxes e documentais que analicen cuestións relacionadas cos contidos propios da materia. Recoméndase ao alumnado o uso dun pequeno caderno ou carpeta con follas soltas para poder ordenar e organizar o material de traballo de xeito que poida entregar con facilidade as fichas e traballos correspondentes para ser corrixiados.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten unha finalidade diagnóstica: serve para determinar as capacidades e coñecementos previos do alumnado, así como a súa actitude, motivación ou interese. O propósito desta fase da avaliación é adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas características, para asegurarnos de que as medidas de atención á diversidade sexan as correctas e de que a metodoloxía que imos despregar sexa a máis axeitada. A avaliación inicial tamén busca facer ao alumnado consciente dos seus coñecementos previos, necesidades e intereses e espertar neles unha motivación cara á aprendizaxe. A primeira unidade didáctica de cada materia servirá como introdución á materia e valoración dos coñecementos, necesidades, capacidades e actitudes do alumnado. Para a realización da avaliación inicial terase en conta: A observación sistemática do traballo individual ou colectivo e as actitudes do alumnado, para o cal nos serviremos do caderno docente. Isto dará lugar a que se regule de forma axeitada a xestión grupal da aula. Se non observamos hábitos de traballo colaborativo no alumnado, introduciremos gradualmente diferentes técnicas:

parellas, dobres parellas, etc. Dependendo do nivel de conflictividade observado na aula, consideraremos se é necesario establecer de maneira consensuada unhas normas básicas de convivencia. A corrección de probas específicas deseñadas para medir o nivel de coñecementos previos, incidindo especialmente sobre os contidos máis transversais das materias que teñan que ver coa competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender (prestando atención á interacción, ao diálogo e ao recoñecemento e respecto cara os demais), por ser estas as competencias que comportan un maior peso nesta materia. Dependendo do nivel de desempeño competencial demostrado, reforzaranse técnicas e ferramentas de traballo básicas ou avanzaranse máis rápido sobre elas, sen que isto implique restar importancia ao proceso de sentar as bases de traballo en cada unha das materias. A realización por parte do alumnado dun cuestionario persoal acerca dos seus intereses, metas, expectativas e dificultades de aprendizaxe. Esta ferramenta proporciónanos información sobre como se perciben conscientemente os nosos alumnos e alumnas a eles mesmos, pero non exime dunha observación allea a esa autopercepción para detectar outras posibles necesidades que han de quedar cubertas por un correcto plan de atención á diversidade. A obtención de datos sobre as súas metas ou intereses permitiranos relacionar os contidos da materia con eses intereses particulares, para reforzar a motivación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación trimestral: Ao longo de cada trimestre realizaremos unha serie de actividades que serán avaliadas tendo en conta os criterios de avaliación do currículo. Esas actividades cualificaranse de acordo a uns indicadores de logro comunicados ao alumnado antes de cada actividade ( por exemplo: intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia..... ) Para ter unha cualificación positiva na avaliación trimestral será necesario ter unha nota media igual ou superior a 5 entre todas as actividades avaliadas durante o trimestre.

Cualificación da avaliación final: A cualificación final do curso obterase da media obtida entre as cualificacións correspondentes a cada unha das tres avaliacións que compoñen o curso (tendo en conta a nota real con decimais e non a aproximación realizada no boletín de notas trimestral). Para que a cualificación sexa positiva deberá acadarse unha nota media igual ou superior a 5.

Valorarase a corrección sintáctica, ortográfica e gramatical así como o emprego do vocabulario específico da materia para contribuír de forma transversal ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL). No caso de se detectar procesos de plaxio ou copia, estes serán debidamente rexistrados polo profesor implicando unha valoración negativa da tarefa correspondente.

### **Criterios de recuperación:**

Recuperación dunha avaliación trimestral: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 nalgunha das avaliacións trimestrais terá dereito a realizar unha recuperación mediante unha proba escrita (que se poderá realizar durante o período desa mesma avaliación ou durante a seguinte) ou volvendo a presentar as actividades ou traballos requeridos. En todo caso, especificarase a cada alumno ou alumna que se atope nesta situación que contidos debe preparar, en función das actividades que tivera superadas ou suspensas nesa avaliación. Ao final do curso, para o alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 entre as tres avaliacións trimestrais, propoñeráselle un plan de recuperación individualizado para realizar no mes de xuño, antes da data da avaliación final, que poderá consistir na realización dunha proba escrita ou na presentación dun traballo para reforzar os contidos que non superara durante o curso. O alumnado que teña superada algunha das tres avaliacións pero que non acade unha nota media entre as tres igual ou superior ao 5, terá que recuperar só a parte correspondente ás avaliacións non superadas e a cualificación obtida reflectirá a nota media entre as tres avaliacións.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que, atopándose en 4º da ESO, tivese pendente a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos de 3º da ESO, realizarase un seguimento individualizado tendo en conta as posibles dificultades de aprendizaxe que o alumno ou a alumna puido presentar. En función dese seguimento individualizado, propoñerase ao alumno ou alumna un plan de recuperación ou reforzo que consista na realización dalgún traballo guiado para reforzar contidos clave do curso anterior: para isto facilitaráselle o material pertinente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As actividades que se realizarán nesta materia están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Os principios que rexirán a atención á diversidade na aula serán os seguintes: Inclusión: A educación inclusiva debe responder á diversidade de todos os educandos a través dunha maior participación na aprendizaxe e reducir a exclusión. Normalización: Respecto ás medidas de atención á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, de maneira que aquelas de carácter máis específico ou extraordinario serán adoptadas cando as anteriores sexan insuficientes. Flexibilidade: Ditas medidas serán flexibles, polo que ao longo do curso poderán suprimirse algunhas ou adoptarse outras novas, dependendo das necesidades do alumnado, que se atopan en constante evolución. Colaboración: Debido a esa evolución constante do alumnado, será importante realizar unha avaliación continuada da eficacia das medidas adoptadas, mantendo unha colaboración permanente co Departamento de Orientación do centro, así como cos titores e as familias do alumnado. Partimos de que entre o noso alumnado existe unha diversidade natural polo que respecta aos seus intereses, motivación, técnicas de estudo e características persoais de todo tipo. Tendo en conta simplemente o nivel de motivación e de rendemento académico, encontraremos diferentes tipos de necesidades ás que responderemos mediante as seguintes medidas como o enriquecemento curricular: Para atender particularmente ao alumnado que presente unha alta motivación cara o estudo ou unha gran capacidade creativa, propoñeremos actividades multi-nivel, nas que se fixarán os requisitos mínimos pero permitiranse diferentes niveis de perfeccionamento. Desta maneira, estamos evitando que este tipo de alumnado teña que realizar tarefas extra: trátase de que todos realicen as mesmas tarefas pero que cada un as desenvolva ao nivel máis axeitado ás súas capacidades, dentro duns requisitos mínimos e xerais para todos. Actividades de seguimento (plans de reforzo e de recuperación): Os plans de reforzo pretenden ofrecer un apoio personalizado ao alumnado que presente máis dificultades na aprendizaxe dunha materia ou no desenvolvemento dalgunha competencia clave. Implicarán unha secuenciación de actividades durante un tempo determinado e intentarase que o alumnado reflexione de maneira consciente sobre cales son os seus problemas e como poden solucionarse. Respecto aos plans de recuperación, deseñaranse actividades de seguimento para o alumnado que teña que acadar obxectivos pendentes ou para o alumnado que teña que recuperar algunha avaliación. Atendendo ás medidas específicas de atención dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, estas adoptaranse en función da necesidade específica e de acordo ás indicacións do Departamento de Orientación. En todo caso, procurarase que as medidas adoptadas fagan referencia ás diversas situacións de aprendizaxe propostas na aula. Para promover dun xeito máis concreto a mellora das dificultades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poderemos propoñer, de resultar apropiado, actividades específicas en cada unidade didáctica que sexan de interese e de axuda para mellorar

esas necesidades sen que supoñan unha carga extra de traballo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC.	X		
ET.2 - Igualdade efectiva e real entre mulleres e homes e diversidade		X	
ET.3 - Desenvolvemento sostible e coidado do medio ambiente.			X

**Observacións:**

Ademais dos elementos transversais indicados que se traballarán especificamente en cada unidade didáctica, a materia contribúe a acadar os obxectivos xerais do noso Proxecto Educativo: superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades; aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo; asegurar a igualdade efectiva na educación; conseguir que as relacións na comunidade educativa (coa contorna, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables; fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa no desenvolvemento das actividades do centro; combater a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado; superar os estereotipos sexistas; respectar o carácter aconfesional do centro; facilitar unha formación que permita a incorporación a unha sociedade de dereito; e propiciar o bo uso das TIC. En canto aos obxectivos do PEC relacionados coa convivencia, velarase sempre polo seu cumprimento, tratando de fomentar o coñecemento dos nosos dereitos e deberes como membros dunha comunidade educativa, o respecto polos espazos públicos e polos bens e materiais de uso común que temos no centro, e a conciencia ante a necesidade de expresarse sen facer uso da violencia verbal e sabendo diferenciar os ámbitos e rexistros coloquiais dos académicos e profesionais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración dun produto final sobre unha temática a elixir	Mural, vídeo ou podcast de reflexión sobre algunha das problemáticas tratadas na materia			X

**Observacións:**

A idea é que o alumnado incorpore nun soporte de libre elección para a súa exposición algunha das problemáticas tratadas durante o curso dende unha perspectiva crítica e fundamentada.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

## 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

### **Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultados desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens unha vez por avaliación, correspondendo coa UD que se desenvolve en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## **9. Outros apartados**

